






SOR-AUGA CAÍDA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Ponte Segade-Auga Caída: 4,5 km
O Couce-Refuxio de Cubelas-Auga Caída: 1,5 km
Dificultade: media
Duración: 3 horas



Unha ruta para coñecer un tramo do río Sor e a ferverza de Auga Caída ou A Mexadoira, que cae nel desde o río Seixo ou Couce.

A ferverza principal salva un desnivel en granito duns 50 m de altura e cae no río Sor pola súa marxe esquerda. No río Seixo hai outras ferverzas máis pequenas río arriba que se poden atopar seguindo pola súa beira.

A ruta discorre polas dúas marxes do Sor nos concellos de Mañón (A Coruña) e O Vicedo (Lugo). A ferverza atópase no lugar do Couce, na parroquia de Caión (Mañón), onde hai un miradoiro acondicionado.

COMO CHEGAR:

Desde Caión (Mañón) cóllese un cruce que indica o miradoiro de Auga Caída (O Couce). Pódese baixar á base da ferverza por un carreiro que hai onde remata a estrada. Para vela desde o outro lado do río pódese cruzar o Sor, saltando polas pedras, ou remontando o curso do río, cruzalo na ponte do refuxio de Cubelas e desde a alí volver por un sendeiro ata atopar a ferverza de fronte.

Desde a área recreativa da Ponte Segade pódese facer unha ruta máis completa seguindo o río pola marxe esquerda (concello de Mañón).

Outra opción é cruzar a ponte e seguir a estrada que vai a Bravos e Viveiro. Cóllese o primeiro desvío á esquerda e nel, unha pista de terra á esquerda e, sen deixala, chegar a Fonte Cubelas. Desde alí séguese un carreiro que leva ata o Refuxio de Cubelas e enlaza coa ruta anterior.



Auga Caída en agosto de 2011



Ponte no Refuxio de Cubelas